



XUNTA
DE GALICIA

INSTITUTO DE EDUCACIÓN
SECUNDARIA VAL DO ASMA
(Chantada)
27003175



Val do Asma
Chantada



Ende. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. Calle Príncipe de Asturias, 13. 27003 Chantada (Lugo).
Tel: 988 21 11 11. Fax: 988 21 11 11. Web: www.xunta.gal/educa/chantada - IES Val do Asma / Chantada

Plan de lectura

IES VAL DO ASMA

INDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ANÁLISE DA BIBLIOTES E O SEU CONTEXTO

3. XUSTIFICACIÓN

4. OBXECTIVOS

5. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN

6. RECURSOS

6.1 Biblioteca escolar

6.2 Materiais dos departamentos

6.3 Aulas de informática

6.4 Biblioteca municipal

6.5 Outros

7. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE LECTURA

7.1 Análise dos problemas atopados nas prácticas da lectura

7.2 Propostas de mellora

7.3 Actividades

7.3.1 Animación á lectura

7.3.2 Educación documental

8. AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE

9. ANEXOS

1. INTRODUCCIÓN

A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias clave. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro, ao constituír a lectura un factor esencial para o desenvolvemento das competencias clave.

Sen prexuízo do tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, e a educación en valores traballaranse en todas elas.

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, plans de lectura que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias clave.

O plan de lectura de centro é un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar no centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O plan de lectura de centro será a referencia para a elaboración de programas ou plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Antes de sintetizar o noso plan de lectura debemos de ter en conta unha serie de premisas relacionadas co propio plan, tales como:

- Partir do que xa se fai, respondendo ás necesidades do alumnado do centro e da comunidade educativa.
- Ser o resultado dunha reflexión conxunta e dun consenso.
- Ser realista, flexible, progresivo e resultar operativo.

- Primar a calidade na selección e tratamento das lecturas.
- Facilitar o traballo docente.

2. ANÁLISE DA BIBLIOTECA E O SEU CONTEXTO.

O I.E.S. Val do Asma é un centro que conta con alumnos de varios concellos, todos eles situados arredor de Chantada. A poboación en xeral sitúase na clase media baixa traballando sobre todo na agricultura e na gandería e en case que todos os fogares atopamos avós ou parentes de avanzada idade, que en moitos casos son a base da economía familiar. Isto xunto coa gran dispersión dos pobos son as principais causas de que non todos os alumnos dispoñan dos medios necesarios para a realización das súas tarefas educativas e de ocio. Dende o centro tratamos de suplir as posibles carencias que lle xurdan o alumnado e as propias familias para poder desenvolver as actividades escolares, fomentar o gusto pola investigación e procurar o desenvolvemento da súa formación crítica. É dicir axudar a lograr a formación integral dos noso alumnado.

A oferta educativa do noso centro abrangue as ensinanzas de ESO, bacharelato e ciclos formativos de grado básico, medio e superior.

Durante os últimos cursos no centro, tratouse de facer un acercamento do alumnado ao mundo da comprensión lectora e da mellora da escritura, para elo apostouse por facer unha profunda reforma da súa biblioteca. Introducíronse grandes cambios na localización e na organización e foise incrementando o número de recursos (mobiliario, libros, dvds e novas tecnoloxías). Trátase de converter a biblioteca nun centro de recursos a disposición de toda a comunidade educativa e buscouse ampliála levando os seus recursos ás aulas, dispoñendo así de bibliotecas de aula en todos os cursos.

Son varios os profesores que forman parte dalgún grupo de traballo relacionado coa biblioteca. Ao mesmo tempo estamos a traballar dende o curso 2021-2022 no club de lectura "Club De Mentés", que se marca como obxectivo prioritario fomentar no alumnado o gusto pola lectura, sexa do tipo que sexa. Neste último plan tratamos de implicar a todo o profesorado así como o alumnado e as súas familias.

Hasta hai pouco tempo, as prácticas lectoras eran as típicas marcadas e supervisadas polo profesor de área. A biblioteca na maioría das veces tan só se empregaba préstamo

de lecturas obrigatorias nas diferentes áreas ou para manexar os ordenadores na busca dalgunha información sobre traballos solicitados nas clases. Hoxe en día, xa son bastantes os alumnos/as e o profesorado que solicita préstamos para ler nas súas horas de lecer. Xa empezamos a empregar este espazo como un recurso no que se pode ler, estudar, ... ao mesmo tempo que buscamos informacións para complementar a nosa formación.

A BiblioAsma conta cun fondo editorial duns 10500 rexistros dos cales un noventa e cinco por cento corresponden a materias impresos: libros, revistas, enciclopedias, dicionarios... e o cinco por cento restante son medios audiovisuais: dvd, cd, e diapositivas. Todos eles están debidamente rexistrados co "Programa Meiga", así estamos conectados con gran número de bibliotecas de centros de ensino e públicas da nosa Comunidade.

Na nosa biblioteca tamén contamos con outros recursos como son: unha pantalla, un proxector, un canón, unha impresora e cinco ordenadores con conexión a internet, catro dos cales están a disposición do alumnado para desenvolver tarefas escolares e un a disposición dos responsables da biblioteca, dende o cal se xestiona todo o servizo de préstamo de fondos.

En canto a mobiliario contamos con seis mesas cunha cabida de catro alumnos en cada unha, polo que acollen un total de vinte e catro prazas (cadeiras), nas que se pode traballar con amplitude de espazo. Unha mesa e unha cadeira para o profesorado e estantes para os fondos e materiais, dous destes móbiles.

Tamén contamos cun espazo de lectura con catro butacas individuais e dúas cadeiras, completan este espazo mobiliario como unha lámpada, alfombra, mesa auxiliar,...

3. XUSTIFICACIÓN.

O colectivo docente debe estar convencido de que a lectura comprensiva non é tarefa exclusiva das áreas de lingua xa que afecta á comprensión das explicacións e o significado dos textos escritos.

Lexislación

Decreto 156/2022, Art.36

Decreto 157/2022, Art.34

O **plan de lectura** debe establecer unha serie de elementos comúns para todas as materias que, despois, adaptarán os distintos departamentos didácticos para establecer os obxectivos, contidos e actividades concretas de lectura.

O proxecto lector debe aprobarse por consenso e debe basearse no fomento de boas prácticas lectoras na tarefa cotiá de profesores/as e alumnos/as.

Por todo iso, **os profesores e as profesoras** do I.E.S. Val do Asma

1.- Asumimos o compromiso de potenciar a comprensión lectora como base de toda a aprendizaxe, para mellorar a expresión oral e escrita e como principio para construír o espírito crítico, necesario para o crecemento persoal do alumnado.

2.- Deseñaremos e integraremos as actividades de comprensión lectora no contexto da clase e no traballo diario respondendo ás características e necesidades de cada materia.

3.- Traballaremos a comprensión lectora conxuntamente coa escritura e a expresión oral.

4.- Trataremos de implicar ás familias no obxectivo de elevar a competencia lectora dos seus fillos e fillas, informándolles do contido do noso *plan de lectura* e pedindo a súa colaboración.

5.- Empregaremos todos os recursos dispoñibles para o desenvolvemento do *plan de lectura* asumindo que a Biblioteca escolar do centro debe ser o punto dinamizador deses recursos, que ten que poñer a disposición de toda a comunidade educativa.

Entendemos que a lectura pode ser traballada de moi diversos xeitos: en voz alta ou en silencio, co/coa profesor/a ou co/coa alumno/a de protagonistas, en dramatizacións ou en recitais, individualmente ou con varias voces, etc...

O equipo directivo e o consello escolar do I.E.S. Val do Asma

1.-Facilitará os recursos humanos e materiais de que se poidan dispoñer para cumprir co establecido no *plan de lectura*.

2.- Invitará ás toda a comunidade educativa a colaborar coas actividades do *plan de lectura* no centro e a incentivar a lectura dos seus fillos e fillas.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica do I.E.S. Val do Asma:

1.- Será informada de calquera decisión que se tome ao respecto do *plan de lectura*, e

ela, á súa vez, comprométese a transmitir toda esta información aos equipos dos departamentos didácticos e ao equipo de Dinamización da Lingua Galega.

O equipo da Biblioteca escolar do I.E.S. Val do Asma:

- 1.- Coordinará a "Hora de Ler" como recurso básico e obrigatorio para o fomento da lectura.
- 2.- Levará a cabo a formación dos usuarios da biblioteca de cara a unha maior autonomía do alumnado na busca de información e para un aproveitamento óptimo dos recursos dispoñibles.

4. OBXECTIVOS.

Os obxectivos do plan de lectura do noso centro serán:

- 1.- Incrementar e estimular os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
- 2.- Favorecer a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva.
- 3.- Contribuír a mellorar a competencia na expresión oral e escrita.
- 4.- Desenvolver as habilidades no proceso de busca de información tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías.
- 5.- Organizar espazos e tempos para a lectura.
- 6.- Favorecer o coñecemento das linguas na súa función estética (xéneros e recursos literarios) para espertar o gusto pola literatura, necesaria para unha formación humanística e para o desenvolvemento da competencia cultural.
- 7.- Implicar ás familias e ás institucións do noso plan de lectura.
- 8.- Espertar en toda a comunidade o gusto e a necesidade de ler.

5. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN.

O plan de lectura é o marco de referencia para a concreción anual do plan de lectura dos distintos departamentos didácticos. Compete aos departamentos, equipo de biblioteca,

club de lectura, etc..., a concreción dos obxectivos, actividades (temporalizadas), o tempo diario dedicado á lectura, as prácticas de comprensión lectora e a metodoloxía que se empregará.

Para que o *plan de lectura* funcione precisa un seguimento que permita poder ver os avances e dificultades na súa posta en marcha nos plans anuais de lectura, e por iso precísase a colaboración de todos/as.

A persoa coordinadora do plan de lectura formará parte do equipo de biblioteca do centro.

6. RECURSOS.

6.1. Biblioteca escolar.

Para poder seguir sendo un verdadeiro centro de recursos para todas as materias e todas as áreas e poidan ser realizadas as melloras que unha avaliación continuada das nosas funcións e dotacións esixan é preciso que se garantan:

- A. Un orzamento mínimo para mantemento, provisión de fondos bibliográficos e materiais, que será xestionado polo equipo da biblioteca co asesoramento dos distintos departamentos.
- B. Os recursos humanos necesarios para que a biblioteca funcione: un responsable da biblioteca escolar e un equipo coa formación e dedicación horaria **suficiente** para a súa xestión e atención.

6.2. Materiais dos departamentos.

Os fondos documentais (impresos ou audiovisuais) dos departamentos didácticos, dado que son fondos do centro, estarán rexistrados a través do programa Meiga facendo constar a súa localización. Tales fondos serán xestionados polos respectivos departamentos seguindo as súas normas internas. En caso de baixa o departamento comprométese a comunicalo á biblioteca para o rexistro da mesma.

6.3. Aulas de informática.

O centro conta con varias aulas específicas de informática e outra multimedia con equipos en rede con conexión a Internet, o cal permitirá utilizalas como recurso de *acceso á información* na rede ou en soporte informático. O uso das novas tecnoloxías é considerado no noso proxecto lector e no proxecto educativo do centro (P.E.C.) como fundamental para que o noso alumnado estea preparado para un novo xeito de formarse e de acceder ao mundo laboral.

6.4. Biblioteca pública municipal.

A BiblioAsma estará en contacto coa Biblioteca Pública Municipal de Chantada Xoán de Requeixo, facilitando a inicios de curso o listado das lecturas obrigatorias e recomendadas polos diferentes Departamentos.

Tamén temos contacto cos centros de primaria da contorna, para levar a cabo actividades de fomento da lectura de maneira conxunta.

6.5. Outros.

A biblioteca escolar e a biblioteca de aula deben servir como factor de compensación social.

Ademais, poderá empregarse calquera recurso público ou privado (doazóns, préstamos de materiais doutras institucións, recursos persoais dos membros da comunidade educativa ou dos colaboradores externos, etc...) do que sexa posible dispoñer.

7. DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE LECTURA.

7.1. Análise dos problemas atopados nas prácticas de lectura.

Os usuarios/as da BiblioAsma son numerosos/as e teñen adquirido o hábito lector pero é certo que segue habendo un importante número de alumnado que non desfruta da lectura. O principal problema reside en que non teñen criterios correctos de selección e

acaban lendo por obriga o que ten como consecuencia a falta de interese e falta de comprensión.

7.2. Propostas de mellora.

O plan de lectura pretende:

- Acadar unha lectura consciente e activa.
- Mudar as prácticas lectoras negativas.
- Evitar as lecturas obrigatorias pechadas e fomentar as listas máis amplas.
- Potenciar a lectura en familia e en parella.

7.3. Actividades.

7.3.1. Animación á lectura.

Plan de lecturas curriculares.

Lectura de obras e textos que complementan o currículo das distintas materias ou áreas.

Hora de ler

Adicaremos 30min diarios a lectura na aula según se organice no Plan Anual de Lectura.

Gardas pola lecto- escritura.

O profesorado de garda fomentará o traballo de lecto-escritura voluntaria do alumnado. Con esta actividade trátase ademais de que o alumnado se acostume a levar sempre un libro na mochila e a ler diariamente e facer composicións a partir de textos aportados polo profesorado de garda. Preferentemente a temática será relacionada coa materia que se imparte habitualmente nese horario lectivo.

Club de lectura.

Reunións periódicas para debater sobre unha obra literaria lida previamente. Estes clubs están abertos a toda a comunidade educativa. O profesorado encargado disporá dun período no seu horario lectivo para a súa coordinación.

Mochilas viaxeiras.

Trátase de acercar a biblioteca á nosa comunidade educativa sacando o material da sala e levándoo ás familias para reforzar o vínculo entre a familia e a escola.

Panel "Os meus libros preferidos".

Elaboración dun panel onde se recollerán as preferencias do alumnado. Deberán incluír o título, autor/a, xénero e opinións sobre os mesmos.

Centros de interese.

Aproveitando calquera das actividades ordinarias, complementarias e extraordinarias propostas polos distintos departamentos poderase expoñer no centro material relacionado coa actividade. Tamén poderanse facer exposicións temporais nas aulas ou noutros espazos.

7.3.2. Educación documental.

Traballos de investigación e proxectos documentais.

Realización de traballos de investigación acerca dos distintos contidos das materias ou áreas do currículo. O equipo de biblioteca coordinará os traballos especialmente no proxecto interdisciplinar.

Técnicas de estudo.

Trátase de actividades que fomenten a concentración, a motivación, a comunicación oral e escrita, a lectura veloz, a comprensión de textos, o aumento do vocabulario e o desenvolvemento da memoria, do pensamento e da intelixencia.

7.4. Actividades complementarias.

Formación de usuarios/as da biblioteca.

Programaranse actividades para coñecer o espazo físico da biblioteca e os fondos da mesma, para facilitar o acceso á información, e a consulta do catálogo.

Conmemoracións e efemérides.

Co gallo das distintas celebracións dentro do calendario escolar de cada curso académico, programaranse actividades relacionadas con ditas conmemoracións.

Visitas de persoeiros/as (escritores/as, matemáticos/as, científicos/as, contacontos, ...).

Recepción no centro dun escritor/a, matemático/a, científico/a, etc... Na biblioteca organizarase un punto de lectura para achegar á comunidade educativa o persoeiro/a que nos visita.

Semanas didácticas.

Semana da prensa.

Semana da poesía.

Semana da ciencia (física, química, matemáticas, bioloxía, etc...).

Semana do deporte.

Semana da música.

Semana da lectura e a arte.

Actividades de produción propia.

Blog BiblioAsma.

Un grupo de alumnos/as coordinados por un docente traballan para colgar información no Blogue.

Os nosos creadores.

Expoñer as creacións ou traballos do noso alumnado. A participación pode ser libre ou pode ser fixada ben por un concurso ou como resultado doutras actividades realizadas. Este material irase recollendo na páxina web do centro.

Revista escolar.

Elaboración dunha revista escolar por parte dun grupo de alumnos/as interesados

pola redacción e o periodismo coordinados por un docente.

Informes de prensa.

Recompilación de material aparecido na prensa relacionado con algún tema, autor ou materia sobre a que se estea traballando no noso centro.

Actividades extraordinarias.

Cada departamento terá en conta, nas súas propias programacións a posibilidade de programar ao longo do curso as actividades (visitas lúdico-culturais, teatro, cine, etc...) que estime de interese para fomentar a curiosidade pola lectura e para espertar no alumnado o pracer que o acto de ler e comprender pode proporcionar.

8. AVALIACIÓN E INDICADORES DE CALIDADE

Irán enfocados a detectar as disfuncións que se produzan na súa aplicación para reformalo nos cursos seguintes.

A súa utilidade radicará na análise da consecución dos obxectivos establecidos:

- Incremento dos hábitos de lectura en toda a comunidade educativa.
- Nivel de comprensión lectora do alumnado.
- Nivel de competencia na expresión oral e escrita.
- Nivel de competencia no proceso de busca de información.
- Nivel de implicación das familias e outras institucións.
- Uso da biblioteca escolar e a de aula.
- Respecto polos espazos e tempos dedicados á lectura.

Para realizar a avaliación do plan utilizaranse os seguintes instrumentos:

- Grao de participación dos membros da comunidade educativa nas actividades do plan de lectura.
- Enquisas relativas á utilización da biblioteca do centro e aos hábitos de lectura.
- Memorias finais do curso.
- Nas reunións periódicas do equipo de biblioteca farase unha avaliación continua do plan e estableceremos a posibilidade de efectuar correccións e modificacións cada curso.

- Nos órganos de coordinación docente faremos postas en común e elevaremos propostas de modificación.

9. ANEXOS

ANEXO I: DOCUMENTO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL DE LECTURA. XEFES DE DEPARTAMENTO. (VID. Plantilla)

Ao comezo de cada curso os xefes de Departamento entregarán á persoa Coordinadora do plan de lectura unha previsión das actividades relacionadas ca lectura dos seus departamentos. Incluiranse a lista das lecturas obrigatorias ou recomendadas.

ANEXO II: DOCUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DO PLAN DE LECTURA. COORDINADOR/A DO PLAN DE LECTURA.

Para a avaliación do plan de lectura a persoa coordinadora do mesmo deberá contar cos informes dos distintos titores, do responsable da biblioteca e do club de lectura.

Nesta avaliación deberanse recoller:

1. Avances ou dificultades da posta en marcha do plan de lectura.
2. Grao de concreción anual do plan de lectura.
 - Dos distintos departamentos.
 - Do Club de lectura.
 - Da biblioteca.
3. Análise da competencia lectora do alumnado.
 - a) Lectura expresiva.
 - b) Comprensión lectora.
 - c) Expresión oral.
 - d) Expresión escrita.
 - e) Autonomía na busca de información.
 - f) Actitude do alumnado ante a lectura.
 - g) Progresión nas competencias clave no ámbito lector.

ANEXO III.- DOCUMENTOS A CUBRIR POLO TITOR: (VID. Plantilla)

Doc 1: Enquisa trimestral por alumno (analizaremos as estratexias do plan de lectura por cada departamento e carencias auto detectadas)

Doc 2: Documento a cubrir polo titor na sesión de avaliación en base aos datos aportados polo profesorado de cada grupo.

ANEXO IV.- RESPONSABLE DA BIBLIOTECA

I.- COMEZO DO CURSO.

Programación dos obxectivos, actividades (temporalizadas) e actuacións previstas para adquisicións de fondos e organización de espazos físicos. Elaboración do plan de biblioteca.

II.- REMATE DO CURSO.

- 1.- Estatísticas préstamos de libros.
- 2.- Grao de cumprimento das actividades programadas e nivel de participación nelas.
- 3.- Melloras na adquisición e organización de espazos físicos e fondos documentais.
- 4.- Disponibilidade de profesorado con dedicación dun horario suficiente.
- 5.- Avance na utilización das novas tecnoloxías.
- 6.- Mellora da capacidade dos usuarios para a localización e uso dos recursos.
- 7.- Valoración do uso biblioteca.
- 8.- Grao de realización dos obxectivos do plan de biblioteca.

ANEXO V.- COORDINADOR/A DO CLUB DE LECTURA

I.- COMEZO DO CURSO.

O responsable do club de lectura deberá facer unha programación na que incluírá: obxectivos, actividades (temporalizadas), materiais a utilizar e procedementos

II.- REMATE DO CURSO.

Realizárase unha breve memoria onde se recolla:

- O grao de consecución dos obxectivos programados.
- Valoración dos resultados obtidos:
 - Índices de lectura.
 - Avances na competencia literaria.
 - Avances na comprensión lectora.
 - Actitude ante a lectura
 - Materiais elaborados.
 - Propostas de melloras e cambios.

VIXENCIA

	CLAUSTRO	CONSELLO ESCOLAR
APROBACIÓN	02/11/2023	03/11/2023
VIXENCIA	03/11/2023 A 03/11/2027	
RENOVACIÓN/MODIFICACIÓN/AMPLIACIÓN		